



## FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS

Traballo de  
Desenvolvemento Rexional  
e Desenvolvemento Local

Diagnose  
socioeconómica  
da parroquia de  
Laraño

Araújo Sabell, Esteban

Cadavid González, Iago Xesús

De Oliveira Espinoza, Ana María

Curso 2017/18

Traballo de Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local presentado na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela

Índice:

1.	Descrición da parroquia de Laraño .....	1
1.1.	Poboación e territorio: .....	1
1.2.	Historia e institucións do espazo: .....	8
2.	Accións para mellorar o espazo .....	14
3.	Matriz DAFO .....	17
	Referencias.....	18

## 1. Descrición da parroquia de Laraño

### 1.1. Poboación e territorio:

Para entender o territorio de Laraño e a súa poboación, é apropiado comparar estes elementos cos de Santiago (concello).

Deste modo debemos destacar que o concello de Santiago de Compostela está composto por Santiago Distrito Central (Santiago D.C.), que está dividido en numerosos barrios, cada un dos cales se corresponden cunha parroquia (por exemplo, barrio de O Ensanche - parroquia de San Fernando), e **as parroquias que rodean a ese núcleo urbano** (estamos a falar de 27 parroquias, 21 de carácter rural).

Resulta interesante destacar que o Nomenclátor do IGE non inclúe no concepto de parroquias a aquelas de Santiago D.C., é dicir, a aquelas asociadas a barrios do núcleo urbano. Soamente interpreta como parroquias (ás que tamén chama entidades colectivas) ás 27 antes mencionadas, isto é, ás que non están dentro de Santiago D.C.

Deste modo o concello de Santiago conta no ano 2017 (facendo uso do padrón do Nomenclátor do IGE) con 96.456 persoas, das cales 80.326 pertencen a Santiago D.C. (a cidade propiamente dita) e as 16.130 restantes ás 27 parroquias que rodean o núcleo urbano. Estamos a falar de que, aproximadamente (porque ás veces estar empadroadado non é o mesmo que residir ou situarse realmente nun lugar), un 25% (porcentaxe importante) da poboación do concello se sitúa nestas parroquias.

*Tabla 1 Poboación das parroquias de Santiago de Compostela (excluíndo as do núcleo urbano) por orde de maior a menor*

VILLESTRO (SANTA MARÍA)	2.080	SAN PAIO (SANTIAGO)	306
ARÍNS (SAN MARTIÑO)	1.390	VERDÍA (SANTA MARIÑA)	303
LARAÑO (SAN MARTIÑO)	1.245	FECHA (SAN XOÁN)	274
MARROZOS (SANTA MARÍA)	1.084	GRIXOA (SANTA MARÍA)	265
O EIXO (SAN CRISTOVO)	1.006	BUSTO (SAN PEDRO)	228
FIGUEIRAS (SANTA MARÍA)	991	NEMENZO (SANTA CRISTINA)	217
SABUGUEIRA (SAN PAIO)	980	VISTA ALEGRE (SAN XOÁN)	207
BANDO (SANTA EULALIA)	942	SAN LÁZARO (SANTIAGO)	203
SAN CAETANO (SANTIAGO)	928	O CARBALLAL (SAN XULIÁN)	192
A ENFESTA (SAN CRISTOVO)	704	CESAR (SANTA MARÍA)	143
A PEREGRINA (SANTA MARÍA)	557	SANTA CRISTINA DE FECHA (SANTA CRISTINA)	139
O CASTIÑEIRIÑO (NOSA SEÑORA DE FÁTIMA)	519	VIDÁN (DIVINO SALVADOR)	30
CONXO (SANTA MARÍA)	488	Total	16.130
MARANTES (SAN VICENTE)	386		
A BARCIELA (SANTO ANDRÉ)	323		

*Fonte: Elaboración propia a partir do IGE*

A poboación de cada unha destas 27 parroquias varía considerablemente (tal como se pode observar na táboa superior), dende as 30 persoas empadroadas en Vidán (Divino Salvador) ate as 2.080 empadroadas en Villestro (Santa María). Laraño resulta ser a terceira parroquia máis poboada (recordemos que non estamos a falar das parroquias dos barrios de Santiago D.C.), cunha cifra de 1.245 persoas empadroadas en 2017, o que significa un aumento de case un 7%

con respecto á cifra de 2011, de 1.165, incremento importante para tratarse dunha parroquia do rural e dun período de pouco máis dun lustro.

De feito, resulta interesante analizar por etapas a evolución demográfica de Laraño, en parte porque unha gran cantidade dos novos residentes viven en chalés de nova construción, e é ben sabido que esta actividade de construción estivo moi ligada á evolución económica, e en parte polo histórico retorno ao campo como refuxo nas fases de crise económica (nótese que son dous fenómenos contrapostos a efectos de poboación residente). Ademais, tamén nos interesa describir a evolución por etapas para non quedarnos unicamente coa situación inicial e final. Temos entón o seguinte:

1999-2007: Estamos na fase de expansión económica\*. No 1999 a poboación de Laraño era de 1.069 persoas, mentres que en 2007 había 1.136 empadroados, o que significou un aumento de máis do 6% en taxa de variación media.

\*: Sendo estrictos habería que remontarse a 1995 para recoller toda fase de expansión económica, pero o nomenclátor do IGE nos ofrece datos desde 1999.

2007-2014: Trátase da crise económica. No 2014 había 1.180 empadroados, o que significou un aumento de case o 4% con respecto ao 2007. É dicir, na fase de crise a poboación de Laraño tamén aumentou.

2014-17: Na recuperación económica os residentes de Laraño alcanzan a cifra de 1.245 no 2017, como xa vimos antes, o que significou un aumento do 5,5% con respecto a 2014.


Tamén podemos ver que sucede comparando algunha desas datas con 2017 directamente:

1999-2017: En case dúas décadas (18 anos para ser exactos) a poboación aumentou nunha taxa de variación media do 16,5%, o que en volume significou un aumento de 176 persoas.

2007-2017: Se comparamos desde 2007, a cifra dicíamos que era de 1.136 persoas, o que significou un aumento de case o 10% nunha década, para así alcanzar os 1.245 no 2017 (aumento de 109 persoas).

Por último, observando a seguinte gráfica:

*Ilustración 1 Evolución demográfica - Laraño*



*Fonte: Elaboración propia a partir do Nomenclátor do IGE*

Podemos destacar que a poboación de Laraño aumentou principalmente entre os anos 2001-04, 2007-09 e 2015-17, mentres que no resto de anos observouse un estancamento ou incluso


un descenso. Pero recordemos que o resultado global dos últimos 18 anos foi un claro aumento da poboación de máis dun 16%.

Resumindo esa evolución demográfica que vimos de comentar, se observa en Laraño unha tendencia crecente na súa poboación desde o ano 1999.

Ademais desta evolución positiva da poboación que presentou Laraño nos últimos anos e de ser a terceira parroquia máis poboada (das que rodean ao núcleo urbano), tamén resulta interesante destacar o seguinte, para o ano 2017: as dúas parroquias que presentan máis poboación que Laraño, a saber, Villestro (como xa dixemos antes, a máis poboada, con 2.080 empadroados) e Aríns (a segunda máis poboada, con 1.390), presentan respectivamente un subgrao de urbanización, segundo o IGE, intermedio tirando a baixo (ZIP BAIXA) e baixo tirando a intermedio (ZPP ALTA), mentres que Laraño presenta un nivel intermedio tirando a alto (ZIP ALTA), isto é, un nivel xusto por debaixo do máximo, o cal se presenta no núcleo urbano de Santiago (Santiago D.C.) ou nas parroquias de Vista Alegre, San Caetano e San Lázaro (parroquias non rurais).

O que vimos de comentar no parágrafo anterior pode observarse na imaxe que está baixo estas liñas, procedente do IGE, á cal lle adxuntamos un mapa do concello, para maior claridade. Nas dúas imaxes hai algunhas parroquias que non son do Concello de Santiago, pero tamén están todas as deste concello. En todo caso, a primeira imaxe amosa que das catro parroquias con máis poboación do concello (excluíndo as do núcleo urbano), a saber, Villestro (2.080), Aríns (1.390), Laraño (1.245) e Marrozos (1.084), Laraño é a única que presenta un subgrao de urbanización tan alto (ZIP alta). En suma, as parroquias situadas ao norte do concello presentan un grao de urbanización e suburbanización que so corresponde co menor nivel establecido.

*Ilustración 2 Parroquias clasificadas por densidade poboacional (e outros factores)*



Fonte: IGE

Ilustración 3 Mapa adxunto do concello de Santiago



Fonte: Imaxe suministrada por María Pose (engargada dos centros socioculturais das parroquias da rural do Concello de Santiago de Compostela)

Para entender a importancia e o significado do que acabamos de dicir debemos indicar brevemente como funciona a metodoloxía actual que o IGE adopta do Eurostat para facer esa clasificación por graos de urbanización e suburbanización. Os graos establécense en base a criterios de contigüidade xeográfica, limiares mínimos de poboación e densidade de poboación; na práctica a clasificación bázase na seguinte pregunta: vive máis da metade da poboación dunha parroquia nun conglomerado de máis de x habitantes por km cadrado? Finalmente, estes criterios aplícanse a unha cuadrícula de celas de poboación de 1 km cadrado, agrupando ás mencionadas celas mediante os mencionados criterios. Nas referencias deixamos o documento do IGE que explica (quizais sen profundizar o suficiente) a metodoloxía empregada nesta clasificación.

Para que se entenda aínda mellor, podemos ter en conta a interpretación resumida que o Faro de Vigo fai (nunha noticia citada tamén nas referencias deste traballo) sobre esa metodoloxía no que se refire aos graos de urbanización, que ven sendo a seguinte:

- Zonas densamente poboadas (ZDP): Correspóndense basicamente con cidades.
- Zonas intermedias (ZIP): Soen ser vilas e os seus arredores.
- Zonas pouco poboadas (ZPP): asóciase principalmente coas áreas rurais.

Ao mesmo tempo, novamente facendo uso da interpretación do Faro de Vigo, Laraño, por ser ZIP *alta*, está na categoría (ou subcategoría, mellor dito) inmediatamente inferior á que é propia das cidades, o que significa que máis da metade da poboación vive en conglomerados supraurbanos, é dicir, con máis de 500 habitantes por km cadrado.


Podemos entón concluír (sendo quizais algo laxos) que **Laraño ten moita poboación e moita densidade de poboación en comparación co seu entorno** (co resto de parroquias que circundan a Santiago D.C., sobre todo centrándonos nas 21 rurais). Dito doutro modo, Laraño destaca entre

as 27 parroquias que circundan o núcleo urbano por combinar un alto volume de poboación e un elevado grado (e subgrao) de urbanización. Se a isto lle sumamos a xa mencionada importancia desde o punto de vista demográfico desas 27 parroquias que rodean o núcleo urbano no seu conxunto sobre a poboación total do concello (contenían case o 30% da poboación do concello), entón podemos dar conta da relevancia demográfica que ten en particular Laraño sobre dito concello (isto ten unha relevancia fundamental para a supervivencia de Laraño, tendo en conta o seu carácter eminentemente residencial ao que despois volveremos a facer referencia).

Outro trazo demográfico que soe ser interesante analizar é a distribución por sexo da poboación. Pois ben, neste sentido debemos destacar que dende 1999 ata 2017 mantívose un predominio feminino sen grandes cambios: dun diferencial de 71 (570 – 499) persoas a favor das mulleres no 99, a un diferencial algo menor de 67 persoas novamente a favor das mulleres no 2017 (656-589). Para ponderar a importancia dese diferencial que aínda subsiste, é útil dividilo entre a poboación total de 2017, obtendo así que esas 67 mulleres representan un nada desprezible 5,4% da poboación de Laraño. Este predominio do sexo feminino non debería sorprenden, posto que adoita ser algo habitual na maioría das sociedades (sexan estas grandes, pequenas, ricas ou pobres), incluída a galega.

Por outro lado, debemos recordar algo moi básico: a comunidade autónoma galega está dividida en catro provincias, cada unha das cales está dividida en comarcas, estas á súa vez en concellos, estes en parroquias, e estas finalmente en lugares (aldeas). Pois ben, a parroquia de Laraño, que como sabemos pertence ao concello de Santiago de Compostela (que á súa vez pertence a comarca homónima), está dividida en 14 lugares: A Amañecida, A Barcia, O Casal, Coira, A Igrexa, Lamas, Laraño, Munín, Pardes (ou Paredes), Reibó, O Rial, Santomil, As Casas do Monte e Pardiñas (que a súa vez se divide en Pardiñas de Arriba e Pardiñas de Abaixo). De destacar algún lugar, sen dúbida quedaríamos co Casal (por razóns que máis adiante comentaremos), onde está situada a antiga estación de tren (por cuxas vías aínda pasa o tren).

Tabla 2 Lugares de Laraño



Fonte: Instituto Xeográfico Nacional

Ordenando -dunha forma dificilmente precisa e algo arbitraria, a falta de simetría na distribución dos lugares- eses lugares por posición xeográfica:

- Oeste: A subdivisión de Pardiñas Pardiñas de Arriba, As Casas do Monte e Reibó (estes dous últimos algo máis metidos cara o centro).
- Norte: Lamas, Munín, e A Barcia (procedendo de oeste a leste).
- Centro: O Rial, Pardes, Larañiño (que é o centro ``puro´´) e A Igrexa (nunha sorte de diagonal de noroeste a sudeste).
- Leste: A Amañecida, Santomil e O Casal (de norte a sur).
- Sur: A subdivisión de Pardiñas Pardiñas de Abaixo e Coira (de oeste a leste).

(\*) Con respecto ás fronteiras da parroquia, cabe destacar os seguintes límites:

- Pola parte occidental limita con Villestro, máis en concreto, coa aldea de Roxos.
- Polo norte limita con tres parroquias:
  - Con Villestro: Pola parte noroccidental, con Piñeiro e Pedrido, e polo norte, co Carballal.
  - Con Figueiras: Pola parte nororiental, con Moas de Arriba e con Moas de Abaixo.
  - Con San Paio: Tamén pola parte nororiental, con Sarela de Abaixo (lugar que alcanza case os 270 metros sobre o nivel do mar; recordemos o que dixemos antes dous outeiros que rodean Larañiño).
- Polo leste limita con *outras* dúas parroquias:
  - Con Vidán: coas aldeas de Vidán (que é un lugar de Vidán-parroquia), O Chouciño, A Rocha Nova (onde está o castelo de Rocha Forte e por onde pasa a vía do tren, que servía de ``paso peatonal´´ para os parroquiáns de Larañiño que iban historicamente a pé a Santiago, como logo veremos no seguinte apartado) e A Ponte Vella (procedendo de norte a sur).
  - Con Conxo: pola parte suroriental, con O Porto.
- Mentres que os anteriores lugares e parroquias fronteirizas son do concello de Santiago de Compostela, polo sur Larañiño limita co concello de Ames: coa parroquia de Biduído, máis en concreto, con Costoia, Framil, Muñina e Coira (¡sí, con Coira! Porque Coira pertence tanto a Larañiño como a Biduído, repartíndose entre uns 30 habitantes cada parroquia).

En canto ao relevo da parroquia (que tamén se pode observar no Instituto Xeográfico Nacional, a maior parte desta (tanto en termos de superficie como en número de lugares) sitúase entre outeiros, nun terreo relativamente chá, a uns 150 metros sobre o nivel do mar (o que contrasta co casco histórico da cidade de Santiago, a uns 260 metros, ou con Meixonfrío, ás aforas do núcleo urbano, que alcanza os 350 metros) , mentres que nos arredores encontramos un terreo máis elevado, sobre todo no norte, no Vilariño, onde hai alturas superiores aos 230 metros, e no sur, onde encontramos alturas superiores aos 200 metros, coma nos Carballos, preto da estación de Casal, ao suroeste da parroquia, onde se alcanza un pico de 206 metros, ou en Rocha Nova (Vidán), ao sudeste de Larañiño, onde tamén se chega a superar os 200 metros; de feito, Os Carballos ailla parcialmente a Pardiñas do resto da parroquia, sobre todo de O Casal (a pesar de que hai unha pista, que pola súa estreitez ha de ser antiga, que conecta Pardiñas con Reibó).

Desta breve análise do relevo debemos destacar que seguramente esta especie de val favorecía o traballo no campo (actividade que a mediados do século XX e incluso nos anos 70 tiña un grande peso na produción e na concentración de man de obra tanto na parroquia coma no conxunto de Galicia). A este favorable relevo habería que sumarlle o clima oceánico húmido con

precipitacións abundantes ao longo do ano propio non só da parroquia de Laraño, senón da maior parte do concello de Santiago, que tamén xoga a favor da fertilidade da terra.

Por outra parte, as comunicacións entre aldeas foron historicamente pistas de terra estreitas, algo que se pode observar hoxe en día. Porén, na actualidade a maior parte desas pistas foron adecuadamente asfaltadas (pero non ampliadas, isto é, seguen sendo demasiado estreitas para unha circulación en dobre sentido) e mantéñense en bo estado por parte do concello. A isto hai que añañirle a liña de bus xestionada pola empresa Tralusa que, segundo o horario oficial presentado na páxina web [tussa.org](http://tussa.org), pasa cunha frecuencia media de case dúas horas en cada sentido (pero para valorar a regularidade habería que ter en conta tamén a vontade e dispoñibilidade da xente de Laraño para coller o bus).

Tamén é de destacar que pola zona norte da parroquia pasa o río Sar; máis especificamente, pasa polo sur de Lamas, Munín e Barcia (procedendo de oeste a leste), e pasa polo norte de As Casas do Monte, O Rial, Pardes, Larañiño e a A Amañecida. Ademais por Munín e Barcia pasan, respectivamente, o Rego de Porto Marelo e o Rego de Fontecova (este último conecta co Rego de Figueiras); e por Pardiñas pasa o Rego de Paramuíño (Paramuíño, aldea da parroquia de Biduído, xa no concello de Ames, é o lugar que da nome ao regato, posto que este remata nesa aldea).

A importancia das augas mudou parcialmente desde mediados do século XX ate a actualidade. Historicamente estas augas non só se empregaban para lavar a roupa (ou o propio corpo) ou para beber dela, darlla de beber aos animais e regar os campos, senón que tamén era un elemento indispensable para o funcionamento dos numerosos muíños que houbo en Laraño. Algúns de carácter privado e outros de carácter público, os molinos situábanse (evidentemente) por onde as augas discorrían (tanto as do Sar coma as dos regatos). Así, A Amañecida, Lamas, Pardiñas dispoñían cada un do seu molino (de feito, no caso deste último lugar o molino restaurouse fai pouco e incluso foi usado recentemente, segundo algunha testemuña do lugar), mentres que en Pardes e preto do actual hotel Quinta da Auga tamén había varios. No caso de Pardes houbo tres molinos que estaban onde actualmente se sitúa o abandonado asador, fronte á escola de hostelería (logo volveremos novamente sobre isto último, xa que garde relación con outro apartado do traballo); ademais Hipólito, que reside en Barcia preto do asador, tamén é propietario dun molino. Con respecto aos molinos situados preto do hotel, cabe destacar que tiveron usos alternativos, como na fábrica de papel da que despois falaremos.

En todo caso, segundo algúns dos entrevistados, algúns molinos aínda están en pé. Isto ata certo punto pode ser interesante, se temos en conta que asociacións como a ACEM (Asociación para a Conservación e Estudo dos Molinos) que están interesadas en poñer en valor e incluso uso estas máquinas.

Pero como dixemos antes, todo isto mudou parcialmente. Os molinos foron perdendo o seu uso e a desaparición ou abandono continuado dos campos de cultivo (ou o traballo dalgúns terras por parte dunha cooperativa, a cal emprega métodos ``industriais`` na súa labor) fai que a utilidade das augas como regadío tamén fose desaparecendo. Porén, a función de hixiene persoal segue (ou debería seguir sendo) unha utilidade esencial das augas que discorren pola parroquia, xa non dunha forma tradicional (coma a relación entre manantiais e lavadeiros), senón moderna: pénsese na auga que circula polas nosas vivendas, que emana da rede pública de abastecemento.

Pero é ben sabido o crónico problema da depuración das augas do río Sar no Concello Santiago, que non só impide que estas augas sexan reutilizadas, senón que tamén prexudica a calidade

medioambiental do sendeiro fluvial que actualmente discorre dende o Multiusos do Sar ata máis aló do Parque Novo Milenio (é dicir, chega a Conxo ese paseo), así como as pretensións de expandir dito paseo fluvial (véxase por exemplo as intencións que a este respecto ten a Plataforma pola Recuperación do Río Sar). Tendo en conta que por Laraño pasa o inicio da ruta de peregrinaxe que leva a Fisterra (ruta que pouca xente fai, todo hai que dicilo, posto que este último tramo do Camiño de Santiago soe facerse en bus), que antes de chegar á parroquia encóntrase o antigo castelo de Rocha Forte (onde houbo intentos de rehabilitación para facer un parque arqueolóxico que tamén serviría de atracción aos transeúntes) e que máis adiante no lugar de O Souto sitúase unha área de especial valor prehistórico (e limítrofe coa Rede Natura 2000) onde recentemente se descubriu un petroglifo inédito e onde Raxoi proxectou no 2017 recrear un hábitat da Edade de Bronce, sería entón interesante habilitar o paso do Sar por Vidán e Laraño tamén como paseo fluvial.

## 1.2. Historia e institucións do espazo:

O primeiro que debemos destacar é que a historia do espazo de Laraño é similar á do resto de parroquias do rural de Galicia (na importancia da labor agro-gandeira e na vinculación da parroquia coa cidade), salvando as distancias derivadas das diferenzas na dimensión demográfica que esta parroquia presentase con respecto ás outras, así como outro tipo de particularidades que puidesen existir (como a presenza da estación de tren de O Casal, que tivo un efecto económico moi importante nese lugar de Laraño).

Aproximadamente a principios do século XX Laraño era un "centro industrial", en palabras do profesor de Historia Económica de Galicia da USC Juan Julio Luis Carmona Badia. A mediados do século XX (cando as persoas maiores entrevistadas eran mozas) seguía habendo moita actividade económica, sobre todo en torno ao lugar de O Casal.

Pero antes de especificar que oficios se desenvolvían na parroquia fai máis de medio século e cal era o réxime de vida dunha persoa adulta, debemos falar das orixes do centro sociocultural, porque nel comeza a historia das persoas maiores entrevistadas (e por tanto a historia recente de Laraño).

Ao mesmo tempo, para presentar a historia do centro sociocultural debemos primeiro facer mención a un centro educativo que xa existía previamente no lugar de O Rial. Este centro levantouse a principios do século XX, coa colaboración do ilustre doutor Maceira, do cal despois falaremos. Porén, seguramente pola pequena capacidade do edificio, as labores educativas se desplazaron ao lugar de Reibo, onde no ano 1995 un contratista da parroquia, por orde do concello, pero quizais tamén cunha nova colaboración da familia Maceira e incluso coas remesas dalgún emigrante (estas non son suposicións dos autores do traballo, senón das testemuñas dos entrevistados), construíuse a nova escola.

A escola daba clases a nenos e nenas de entre 6 e 14 anos (Ensinanza Xeral Básica, GB polas súas siglas en español). Cincuenta alumnos sería aproximadamente a capacidade máxima do centro. Constaba de dúas aulas, para separar aos nenos das nenas (algo que evidentemente despois cambiaría). O edificio destinábase así unicamente a impartir unha formación básica (ate 8º de GB). Unha vez os nenos saían da escola, xa comezaban a maior parte deles a traballar, algo impensable hoxe en día. Sobra ademais dicir que algúns non tiñan nin a sorte de recibir esa educación básica.

Máis tarde, coas agrupacións escolares que se foron promovendo por toda Galicia, a maior parte dos nenos que antes acudían ao colexio de Laraño pasaron a ser alumnos do Colexio Público de

Roxos, lugar da parroquia de Villestro. Foi nese momento cando o edificio comezou a funcionar como un centro socio-cultural no que se celebraban e practicaban actividades diversas, ao mesmo tempo que, cos cambios que se foron producindo tamén por aqueles tempos no sistema educativo, parte do edificio seguía a funcionar coma unha escola para nenos de entre 3 e 6 anos; estas dúas funcionalidades do centro mantéñense a día de hoxe (de feito, a primeira alcanzou suficiente importancia e volume de participación como para impulsar unha ampliación do centro fai menos dunha década, extendendo o edificio cara atrás, onde historicamente estivera o patio do colexio), pero no que se refire á ensinanza xa soamente hai uns oito alumnos.

Porén, a vida socio-cultural que se da no centro é ata certo punto sorprendente, en comparación con outros centros socio-culturais de dimensión semellante, sobre todo pensando nas parroquias do rural (xa que non sería xusto comparar cos centros de Fontiñas, Vite, Santa Marta, O Ensanche ou Conxo), segundo a opinión da animadora socio-cultural de Laraño, María Astray (empregada do concello que leva 8 anos traballando no centro socio-cultural de Laraño, e que tamén ten participado no centro de Lavacolla). Dacordo coa información que nos ofreceu María, xunto co que nos comentou tamén Esperanza (señora de 84 anos que leva desde o ano 2000 participando voluntaria e incansablemente no centro), no centro impártense, entre outras, as seguintes clases e actividades:

- Informática
- Ximnasia (pilates)
- Bordado e encaixe de bolillos
- Clases de música (pandeireta, acordeón, por exemplo) e canto (de taberna actualmente, aínda que no seu momento houbo tamén un coro)
- Baile tradicional galego e baile moderno (zumba, por exemplo)
- Teatro
- Confección dos disfraces para o Entroido

Nalgunhas actividades participan maioritariamente os maiores (señoras principalmente), mentres que noutras predominan os nenos (sobre todo nenas). Ademais, algunhas están subvencionadas polo concello de Santiago, mentres que outras páganas os participantes nas actividades (oficialmente é a asociación de veciños a que se encarga de pagar nestes casos).

Hai uns anos había algunha actividade máis; de feito, houbo algunhas que incluso se impartían fóra do recinto, tales como actividades de xardinería e recolección e estudo de cogomelos (en especial, fai uns anos, un señor chamado Gregorio foi enviado polo concello para non só impartir certas clases de xardiñería e poda, senón tamén para recomendarlle aos propietarios das fincas de especializarse nalgún monocultivo para conseguir obter maiores rendementos).

Segundo Esperanza, nos últimos anos, co cambio de goberno (e non tanto pola crise) as visitas por parte do alcalde ou de representantes do alcalde foron caendo, e incluso a subvención das actividades tamén diminuíu recentemente (neste caso Esperanza sinala sobre todo á Diputación de A Coruña, que antes mandaba cursos gratuítos e agora xa non). Porén, a opinión da animadora María non é tan negativa, que comenta que incluso hai máis persoas participando nas actividades que hai uns anos e sinala que non notou grandes cambios nin na xestión nin nas subvencións, polo menos por parte do concello de Santiago.

En todo caso, o centro é un punto de encontro esencial na comunidade, que non só reúne a xente da parroquia, senón tamén dos arredores (tanto algúns profesores como participantes nas actividades veñen de fóra de Laraño, sobre todo de Santiago de Compostela). Pero o centro

(e os centros socio-culturais en xeral, polo menos na teoría) non só teñen esta función social, senón tamén outras dúas funcións moi importantes: ocio e cultura. É dicir, no centro impártense e practícanse actividades de lecer, algunhas das cales contribúen a conservar o patrimonio histórico-cultural de Laraño (como é o caso das clases de música e canto tradicionais ou a confección de disfraces para o Entroido, tendo en conta que o Entroido é a festa por excelencia en Laraño, tanto historicamente como a día de hoxe).

Pero ademais do centro socio-cultural, no cal colaboran o concello de Santiago de Compostela, a Asociación de Veciños (A Xunlla de Laraño, que xa leva en activo desde 1980) e as dúas asociacións culturais da parroquia (A Ruliña, que se creou en 1991, e Armatroulas), tamén as festas xogan un importante papel na comunidade. Neste caso, ademais de participar as institucións antes mencionadas, tamén debemos sinalar á comisión de festas existente na parroquia como responsable dos festexos. Pero esta non só presenta un dos problemas das outras institucións, a saber, a falta de participación de xente moza con ánimo de emprender novas actividades, senón que ademais corre o perigo de disolverse.

Pese a isto último, a participación dos residentes da parroquia nas festas alcanza un volume de xente importante. Desde o entreoido a comezos de ano, que é precisamente a festa máis celebrada historicamente na parroquia e que segue a ser moi celebrada a día de hoxe con dúas comparsas participando nas competicións de disfraces que se fan na cidade, ata o San Martiño e o Magosto en Novembro, pasando pola sardiñada de verán. Neste sentido, o campo da festa situado inmediatamente detrás da Igrexa, no lugar homónimo da parroquia, segue a ser o lugar de reunión dos veciños nestas celebracións.

Neste apartado debemos comentar que a antiga escola anexa á igrexa preténdese reconvertir nun baño público para utilizar sobre todo nestes acontecementos, pero é a propia igrexa (neste caso nun sentido institucional da palabra) a que se resiste a tal reconversión.

Seguindo agora coa historia de Laraño, é dicir, coa historia da súa xente, resulta relevante resumir o réxime de vida dun adulto, diferenciando por xénero (esperemos que no futuro non sexa necesaria esta diferenciación, dito sea de paso).

No caso das mulleres, a vida laboral dirixíase principalmente ao fogar e ao campo, de modo que pasaban máis tempo na parroquia que a media dos homes. Pero non só traballaban no fogar e no campo, senón tamén nalgún que outro oficio, sobre todo relacionado co téxtil (sobre todo, na fábrica de confección de Laraño, da que logo falaremos). Ademais, algunhas mulleres tamén iban á cidade (aínda que a mediados do século XX falar de cidade quizá é algo atrevido, polo menos coa interpretación actual deste concepto). Unha das razóns polas que as mulleres iban á cidade era para vender (sobre todo no caso de familias ricas, cuxa actividade agraria e gandeira xeraba excedentes) ou comprar produtos, tanto na histórica Praza de Abastos (que sigue a estar no mesmo sitio onde sempre estivo), coma na feria de Santa Susana (na Alameda), ou simplemente en calquera tenda ou posto que vendese o necesario; por suposto, no caso sobre todo de entrar en Santiago con produtos para vender, había que pasar polo fielato, a oficina que existía antigamente nas distintas entradas das cidades e que funcionaba a modo de sistema impositivo. Pero moitas das mulleres incluso tamén ían á cidade ao mediodía simplemente para levarlle a comida aos seus homes (aínda que algúns xa levaban a comida de casa).

Tamén había homes que quedaban a traballar na parroquia en diversos oficios que daquela existían (que máis adiante comentamos), así coma tamén os había que dedicaban parte do día libre a traballar no campo. Pero outros moitos traballaban na cidade de Santiago de Compostela, moitas veces grazas a contactos que conseguían na cidade a través de contactos na propia

parroquia. As redes sociais de carácter informal xogaban así un importante papel no mercado laboral, poñendo en contacto a empresarios da cidade demandantes de forza de traballo co exceso de man de obra da parroquia rural.

Traballar na cidade implicaba ir andando pola mañá temprano ata Santiago dende a parroquia, indo polo normal polas vías do tren pasando polo histórico castelo de Rocha Forte, ás aforas de Laraño. Despois dunha breve pausa para comer, o usual era volver a traballar pola tarde e, finalmente tras este segundo turno, había habitualmente dúas casuísticas: ou volver a parroquia para axudar nas labores de campo, ou acudir á Escola de Artes de Santiago de Compostela ben entrada a tarde para perfeccionar os coñecementos do oficio que se estaba a desempeñar (ebanista, ferreiro, orfebre, etc.).

Por suposto, a maior parte dos homes non se libraban do servicio militar obrigatorio, que interrompía a súa actividade laboral durante un tempo.

Pero como xa comentamos antes, na parroquia de Laraño tamén se desempeñaban varios oficios que daban traballo a unha cantidade de persoas non desprezable (sobre todo a homes, pero tamén no caso do textil a mulleres). Como tamén indicamos anteriormente, a maior parte destas actividades sitúabense en torno ao lugar de O Casal, onde está a antiga estación de tren e por onde aínda a día hoxe segue a pasar este (pero sen parar); dito sea de paso, este tren non só transportaba persoas e mercancías de forma oficial e legal, senón que tamén traía material e produtos de contrabando (como o café de Portugal), segundo testemuñas da parroquia.

Pois ben, cales eren algúns destes oficios? Había un aserradeiro (o Aserradeiro Nogueira, que despois cerraría fruto da competitividade coa emerxente Finsa), que máis tarde daría paso a unha granxa de ovos (hoxe en día neste espazo está a Urbanización A Vilagueira.

Tamén había unha fábrica de confección (neste caso as mulleres formaban parte da man de obra, como xa anticipamos antes), onde chegaron a traballar unhas cen persoas (algunhas dos concellos de Teo e Ames), segundo nos conta o presidente da Asociación Cultural A Ruliña, Abelino, quen tamén traballou na fábrica de confección. Os donos da fábrica eran dous irmáns, sastres de oficio, un que con estudos cursados en Barcelona era a cabeza pensante da empresa e o outro que con menos formación encargábase aínda así de xestionar e administrar ao persoal.

A fábrica construíuse en tres fases. Na terceira construíuse unha vivenda anexa á fábrica, na parte posterior, que ía ser precisamente o lugar de residencia de Abelino. Ademais, soamente a parte inferior se correspondía coa fábrica propiamente dita, posto que na parte superior levantáronse dous pisos. Ao lado da fábrica había (e hai) ademais un aparcadeiro de terra. Pero xa en 1964 iniciou a fábrica a súa actividade de produción, que duraría nada menos que vinte anos, ata que en 1985 (alá polos anos nos que Amancio Ortega xa levaba tempo no negocio) por falta de inversión e modernización a empresa foi expropiada por dificultades económicas. Por diversos problemas de carácter principalmente xudicial, non foi ata 1993 cando unha empresa denominada Gallega de Mantenimientos Integrales obtivo nunha subasta a propiedade da fábrica. Pero non duraría máis de dous anos a súa actividade, en torno a cal se levaron moi seguramente a cabo negocios fradulentos, con algún dos socios da fábrica acabando en prisión. Actualmente esa fábrica leva máis de 20 anos inactiva, pese a que o dono segue a ser un dos socios da empresa antes citada (de feito, nos pisos vive xente tamén relacionada no seu momento co negocio). Abelino protesta de que nin sequera se levan a cabo unhas mínimas labores de mantemento desa infraestrutura ociosa, o que podería incluso prexudicar á vivenda na que el vive. O ideal sería que algún comprase toda a fábrica (incluída a vivenda de Abelino, posto que el está disposto a vendela).

Seguindo coa lista de oficios que había en torno ao lugar de O Casal, había varios carpinteiros e ebanistas (en especial, dous talleres que fabricaban ataúdes para funerais), algunha que outra panadería, varias ferrarías (ou fraguas, mellor dito), que fabricaban sobre todo ferramentas que se empregaban no campo, como sembradoras, arados, sementadoras, sachadoras, fouciños, gadaños, pero tamén ferramentas para os carpinteiros e ebanistas, como a gubia, o formón ou o escoplo) e unha fábrica de cepillos de calzado e de barrer. Incluso fóra de O Casal, no lugar de A Igrexa, había tamén actividade, en especial unha fábrica de pel.

Non nos podemos tampouco olvidar da historia do hotel Quinta da Auga, situado no límite entre Laraño e Vidán. Resumindo brevemente, o hotel foi unha papeleira catalana desde finais do século XVIII ate o segundo cuarto do XIX; esta papeleira chegou nón só a ter a case cincuenta empregados nos seus mellores días, senón a ser a fábrica máis grande de Galiza na época preindustrial na que existiu. Despois a papeleira reconvertíuse en batán para o enfurtido de textos, para máis tarde adicarse ao aserrío de pedra e madeira (novamente facendo uso da enerxía hidráulica nesas actividades). Finalmente pasou a ser un fábrica de xeo e cerveza. Tras quedar as instalacións abandonadas durante un tempo, a familia Lorenzo García apropiouse do edificio e rehabilitouno convertíndoo no hotel que é hoxe en día da man da arquitecta M<sup>a</sup> Luísa García Gil, respetando a estrutura orixinal e máis as canalizacións de auga. Toda unha historia.

Outro elemento importante da historia dun lugar son determinados persoaxes ou ben ilustres (aqueles que quedan para a posteridade plasmados nunha placa conmemorativa) ou ben esenciais para a comunidade, ao funcionar como un eixo fundamental na sociedade dun territorio.

Con respecto ao persoa ilustre, destacamos ao médico Don Antonio Maceira Puente, cuxas placas conmemorativas pódense ver na fachada do centro socio-cultural de Laraño e tamén na súa propia vivenda de residencia (neste caso foi a parroquia de Villestro a que se encargou da conmemoración); ademais hai unha calle na cidade de Santiago (a que conecta Rosalía de Casto con García Prieto) que leva o seu apelido. Nado en o 19 de Outubro de 1885 e falecido o 24 de Abril de 1994, traballaba e vivía nunha casa relativamente grande (sobre todo en relación ao seu tempo) que aínda está en pé hoxe en día, xusto ao pasar a escola de hostelería de Barcia, indo para Vidán. Debemos pensar que un médico a comezos do século era algo especial, sobre todo nunha parroquia. Pero pertencer a unha familia adinerada que te puidese pagar os estudos non ía ser suficiente para ser por sempre recordado, debía ser tamén unha boa persoa con fortes relacións coa comunidade de Laraño (e, seguramente, non só de Laraño). De feito, tanto Antonio Maceira como a súa descendencia tiveron unha participación importante na construción dos centros educativos de Laraño, algo do que xa falamos anteriormente.

Actualmente a casa na que residía (e na que tamén chegou a haber un taller de mecánica, segundo nos informou Hipólito, o veciño inmediato) leva tres lustros abandonada, con dúas inmobiliarias intentando vendela.

Por outra parte, o asador que hai ao outro lado da carretera, e que xa foi mencionado anteriormente no traballo, foi precisamente a vivenda onde naceu Antonio Maceira. O asador era propiedade dos seus descendentes, e agora tamén é outro edificio máis de Laraño en estado ocioso fai máis de cinco anos.

En canto ao persoa-institución (en torno ao cal xiraba a comunidade no ámbito social) debemos destacar ao párroco de Laraño, que hoxe en día é D. Arturo Sánchez Domínguez. Aínda que actualmente as labores do párroco son máis limitadas, ao que hai que sumarlle o problema da súa eventual substitución (porque actualmente hai menos vocación que antes na formación

teolóxica necesaria para ser párroco, de forma que hai cada vez máis párrocos traballando en varias parroquias, algo pouco frecuente no pasado), fai cincuenta anos as funcións do párroco eran múltiples: dende as labores máis evidentes e inmediatas da súa figura, como dar misa todos os días, xestionar os protocolos católicos propios dos funerais e confesar aos fieis da parroquia, ata outras de carácter secundario pero igual de importantes e frecuentes, como visitar aos enfermos, asistir na medida das súas posibilidades as persoas necesitadas ou participar nos festexos (que adoitaban estar moi ligados á liturxia).

A igrexa na que traballa este párroco está situada xusto ao lado do campo da festa da parroquia, e consta dun edificio adxacente que fóra escola no seu momento (e que agora pretenden os veciños reconverter en aseo público, precisamente para o seu uso nas festas, pero segue a ser propiedade do clero *de facto* e non están dispostos a ceder o edificio para tal uso, segundo nos informou Albino, presidente da asociación cultural A Ruliña). A igrexa ten ao seu redor un xardín, onde varias sepulturas rememoran aos defuntos. De feito, hai tamén unhas lápidas de antepasados da poetisa Rosalía de Castro, pero estas se encontran no interior do templo.

Por outra parte, proseguindo coa historia xeral do lugar, en torno aos anos 60 levouse a cabo unha concentración parcelaria, con relevancia para a futura urbanización da parroquia. Tal e como indica Carlos Ferras Sexto nun artigo seu do ano 2007, ``os xeógrafos rurais falan cada vez con máis convencemento do postproductivismo agrario, que significa que se supera definitivamente a vinculación funcional cuasi determinante do campo e as actividades agrarias''. Nese mesmo artigo Carlos tamén fala dos conceptos de urbanización difusa, urbanización do campo, suburbanización, urbanización postindustrial, etc. Todas estas ideas, se ben quizais non terminan de encaixar totalmente co caso de Laraño -posto que adoitan implicar unha redistribución de actividades económicas e poboación da cidade ao campo que seguramente non se está a dar claramente no noso caso analizado (xa que en Laraño, quitando un bar e o Hotel Quinta da Auga, xa non queda grande actividade económica na actualidade, os novos residentes non queda claro se proceden realmente da cidade)- si presentan rasgos comúns coa evolución e situación actual da parroquia.

Por unha parte, Laraño deixou de ser, polo feito de ser rural, un lugar de emprego agro-gandeiro; de feito, practicamente non hai actividade gandeira e a actividade agraria que queda é fundamentalmente ou ben de autoconsumo ou ben realizada por unha cooperativa que a cambio mantén limpia as fincas, o cal é unha obriga do propietario, sobre todo para evitar incendios.

Por outro lado, Laraño converteuse nunha parroquia dormitorio, nun territorio residencial, onde se foron construíndo chalés de boa calidade, non só por iniciativa dos propietarios orixinais das fincas, senón tamén noutros casos por adquisición de fincas por parte de construtores e inmobiliarias que logo venderon a novos residentes esas casas.

Nun principio, esa construción deuse grazas a modificación do PEXON durante a alcaldía de Xerardo Estévez, fai 20 anos, que reduciu ás restriccións para construír deixando edificar sen tantos obstáculos como antes había. Máis tarde esa actividade de construción seguramente tamén aproveitou a burbulla inmobiliaria dos últimos anos, como aparentemente queda manifesto nalgún que outro chalé vacío ou a medio construír ou na semi-vacía urbanización A Vilagueira. De feito, moitas das persoas que viven nestes chalés son xente acomodada, de clase media-alta (segundo indica a animadora socio-cultural do centro e tamén algún residente do lugar), que traballan en Santiago de Compostela, pero viven en Laraño.

Sendo positivos, este carácter eminentemente residencial da parroquia de Laraño é necesario para a cidade, que precisa dun volume de man de obra que non ten sitio na xa ``apretada`` cidade (posto que xa se aproveitou canto puido a burbulla inmobiliaria no núcleo urbano de Santiago e moitos dos pisos xa son ocupados por estudantes ou, por suposto, por traballadores). Así, a parroquia de Laraño xoga un papel importante na desconxestión demográfica da cidade, ao mesmo tempo que fornece a esta de man de obra cualificada (isto último se desprende do feito de que se trata de xente de clase media-alta que non traballa en Laraño, como xa comentamos antes). Porén, se os residentes de Laraño non fan, na medida do posible, uso do transporte público (bus Ortoño-Santiago, ou incluso o propio bus que pasa por Barcia procedente de Bertamiráns), a positiva desconxestión residencial se corresponde cunha negativa conxestión de tráfico (posible excesivo emprego de transporte privado).

Para comprender a importancia do carácter residencial de Laraño recomendamos revisar os datos de poboación e densidade de poboación que demos ao comezo deste texto.

## 2. Accións para mellorar o espazo

A estratexia de desenvolvemento urbán sustentable e integrado consiste en facer o lugar máis accesible, inclusivo e máis patrimonial, apostando por un modelo de crecemento máis intelixente e innovador, no que o pobo sexa o protagonista. Os vecinos son os que mellor coñecen as principais carencias actuáis e os retos do futuro. Trátase dun proxecto transversal que se centra no pobo e nos vecinos que alí viven, ademáis da importancia á participación para procurar os problemas diarios da xente.

Obxetivos temáticos seleccionados do FEDER:

- Mellorar o acceso, o uso e a calidade das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono en todos os sectores.
- Conservar e protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos.
- Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza.

O proxecto trata de fomentar a mobilidade sostible, mellorando os servizos á cidadanía, comprometerse co medio ambiente priorizando esquemas de mobilidade peonil e ciclista. Denunciar o excesivo uso do vehículo privado, esixindo una mobilidade respetuosa co medio como o transporte público, peonil e en bicicleta.

A estratexia pretende vincular a sostenibilidade social e ambiental, coidando a dimensión material e mellorando a calidade de vida. Trata de promocionar e recuperar patrimonio natural, histórico, cultural e os recursos arquitectónicos que falan de Laraño e da súa historia. Un patrimonio que poida complementar o patrimonio cultural e relixioso que ten a cidade de Santiago de Compostela.

Propón fomentar a eficiencia enerxética e o uso de enerxías renovables e apostar polas TICs, para mellorar a calidade de vida da seu pobo e a súa relación coa administración.

A estratexia centrase nos ámbitos comercial, de inclusión social, creación de emprego, patrimonio e eficiencia enerxética.

Un dos obxetivos é evitar que desaparezca o ámbito rural, importante para conservar manifestacións culturais propias, tradicións, festas populares, etc. ; e dende o punto de vista ecolóxico. A agricultura ecolóxica é un sector en auge no que a demanda crece e estase

producindo un forte impacto no terreo das exportacións. Entre os plans do goberno galego está modernizar o “agro” dándolle máis peso a ecoloxía. Reforzará axudas para modernizalo, priorizar proxectos liderados por mulleres e incrementar o peso da agricultura ecolóxica. O negocio do sector ecolóxico creceu un 42% na última década e xera riqueza e emprego.

No terreo da innovación, queremos conseguir un área rural intelixente, preparada para o futuro. Apostando pola enerxía renovable, uso da enerxía hidráulica co uso de encoros, paneles solares, ou usando bicicletas rexeneradoras de enerxía eléctrica (ademáis de eficiencia enerxética tamén serviría de ferramenta na inclusión social e fomento do deporte).

Sería interesante por en marcha un área tecnolóxica con obradoiros para aprender a usar aparatos tecnolóxicos, poder leer o xornal dixital, facer compras en liña, e facer trámites en liña ( xa que algúns trámites administrativos a papel e presenciais están a desaparecer). Incorporar a era dixital e mellorar ó acceso a internet, facendo que chegue a fibra ata Laraño.

Potenciar obradoiros de recursos naturais propios da zona, como os que existían, que eran de estudo dos cogomelos, tan habituais da zona e as veces descoñecidos; ademáis de xardinería e poda.

Desenvolver solución intelixentes para as explotacións agrarias, apostar pola valorización de recursos non explotados ou abandonados, e posta en venta de produtos en liña.

Identificarase cómo impulsar o emprendimiento rural para mellorar o acceso a novos mercados e desenvolver novas formas de empresas rurais, tanto dentro como fora das explotacións agrícolas. Nun traballo temático da “Rural Development”(Smart Village) *identificáronse novas tendencias e oportunidades para as empresas do medio rural europeo, en sectores que van dende a biotecnoloxía á economía da experiencia e dende as posibilidades propiciadas polas novas tecnoloxías da información ata os cambios nas demandas dos consumidores. Para aproveitar estas oportunidades necesitanse novas estratexias para as empresas rurais, ideas orixinais e formas modernas e melloradas de apoio ás empresas, que deberán proporcionar un apoio flexible ás empresas rurais individuais e axudar a superar a brecha dixital a fin de mellorar o entorno empresarial nas zonas rurais.*

*Proporcionar un apoio flexible ás empresas significa:*

*Enfoques máis intelixentes que vaian máis alá das intervencións puntuais e centrense en apoiar o proceso enteiro de desenvolvemento, innovación e aceleración de empresas rurais (por exemplo, mediante un enfoque baseado nos aceleradores de empresas rurais).*

*Crear un «ecosistema de apoio» que incorpore múltiples elementos e prácticas como aprendizaxe mutuo, tutorías, formación, asesoramento, etc., que estén accesibles sempre que se necesiten.*

*Garantizar que os emprendedores poidan acceder rápidamente a formas de financiación flexibles e a pequena escala.*

*Adaptar os modelos de apoio a fin de superar as dificultades prácticas adicionais que poidan surxir no medio rural.*

*Superar a brecha dixital implica:*

*Apoiar o despliegue do acceso a Internet de banda ancha nas zonas rurais europeas, por medio, por exemplo, de enfoques innovadores para a instalación de banda ancha nas comunidades locais.*

*Reforzar as habilidades e capacidades dixitais das poblacions e empresas do medio rural para permitirlles que se beneficien das oportunidades dixitais como, por exemplo, o acceso aos novos mercados.*

*Aprovechar ferramentas como los polos digitales rurales, que pueden ofrecer un acceso a Internet rápido y fiable, así como espacios físicos de trabajo y una serie de servicios de apoyo a las empresas y a las comunidades adaptados a las necesidades locales.*

*Aplicación estratégica de las medidas de los programas de desarrollo rural (PDR)*

*Los PDR proporcionan un conjunto de herramientas (medidas) que se pueden utilizar para contribuir a estas modalidades de apoyo a las empresas rurales, en concreto mediante:*

*el refuerzo de las habilidades y las capacidades por medio de las siguientes medidas: transferencia de conocimientos (M1), servicios de asesoramiento (M2), cooperación (M16), LEADER/CLLD (M19) y asistencia técnica (M20), y*

*la prestación de formas flexibles de financiación por medio de las siguientes medidas: desarrollo de explotaciones agrícolas y empresas (M6) y LEADER/CLLD (M19).*

*Para que los enfoques sean realmente efectivos se necesita utilizar de una manera eficiente y complementaria las medidas de los PDR, así como una coordinación más eficaz entre los PDR y otras políticas, iniciativas e instrumentos que pueden influir en el desarrollo rural, como la política de desarrollo regional, la iniciativa Broadband Europe y los distintos instrumentos financieros.*

Mellorar os servizos ao pobo é outra das prioridades, comprometerse co medio ambiente dando preferencia a cadros de mobilidade peonil e ciclitas para fomentar unha mobilidade sostible e saudable, creando pasos de cebra, espazos habilitados, recuperar o contorno do río e antigos camiños empedrados, potenciar o deporte como inclusión social coa oferta de obradoiros de taichí ao aire libre, ximnasiao ao aire libre, bicicletas estáticas rexeadoras de enerxía.

A construción dunha liña de proximidade favorecería o servizo diario por diferentes motivos, sexa por traballo ou recados diarios, existe un proxecto, cun alto coste económico e social, pero a proposta emplearía a xa existente rede na maior parte do seu trazado. Tan só añadiría un tramo para chegar a Milladoiro. O tramo novo da construción sería para unir Laraño e Milladoiro. En Laraño recuperaríase a antiga estación dunha zona de vivendas unifamiliares marcada pola vía férrea, que a divide dende hai dúas décadas. Daría servizo a unha gran cantidade de vivendas individuais e permitiría a recuperación da estación vella.

Outro obxectivo é impulsar a actividade turística, creando atractivos fóra do ámbito relixioso, que tantos turistas atraen a Santiago de Compostela ó ano, e poder ofrecerlles a eses turistas rutas alternativas relacionada co mundo rural e experiencias gastronómicas e ligadas á natureza. No terreo turístico podemos contar co Hotel Quinta da Auga, o restaurante Filigrana, e casas rurais ofertadas en plataformas virtuais, como Airbnb, Homeaway, Hometogo, Windu.es.

Recuperar a importancia patrimonial de Laraño é unha das propostas, para poder vincular turismo e sustentabilidade ambiental, coidar dos recursos arquitectónicos que falan de Laraño e da súa historia, como son a Igrexa Parroquial de San Martiño de Laraño, a Estación do Casal, Dos

Casas en Coira, Lavadeiro da Igrexa Parroquial de Laraño, Fonte en Amañecida, Palco de Música en Laraño, Fonte e Lavadero en Santomil... Antigamente os muiños eran de uso diario e abastecemento urbán, a súa propiedade era eclesiástica e os cedían mediante foro, o máis importante é o Muiño do Recoste.

### 3. Matriz DAFO

Algunhas das debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades da parroquia que se presentan resumida e esquematicamente a continuación xa foron expostas anteriormente na análise descritiva do espazo e nas accións propostas para mellorar o espazo (tanto desde o punto de vista territorial como histórico). O motivo desa inclusión nos anteriores apartados é a seguinte consideración dos autores do traballo: os elementos desta DAFO compréndense mellor se se conxugan inmediatamente coa información descritiva correspondente e coas accións propostas.

ANÁLISE INTERNO		ANÁLISE EXTERNO	
DEBILIDADES	FORTALEZAS	AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escaso ou nulo tecido industrial</li> <li>- División do terreo agrario en parcelas moi pequenas (minifundios)</li> <li>- Mala comunicación mediante transporte público co núcleo urbano (Santiago)</li> <li>- Lugar pouco atractivo para a xente moza; escasas actividades de ocio, mala conexión a internet...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recente creación da autovía, que mellorou a comunicación cos arredores</li> <li>- Recursos naturais como o río e os montes</li> <li>- Dous grandes institucións como son a CSHG e o hotel “A Quinta da Auga”, ademais da residencia ASPAS</li> <li>- Peso demográfico importante da parroquia no concello</li> <li>- Alta produtividade dos terrenos agrícolas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Éxodo rural, migración hacia os núcleos urbanos</li> <li>- Envellecemento da poboación</li> <li>- La mayoría de las construcciones realizadas los últimos años son viviendas nuevas, polo que podría convertirse nunha zona únicamente de “dormitorio” para persoas que traballan en núcleos urbanos cercanos</li> <li>- Menor implicación cos problemas da zona por parte dos xoves que chegan doutras partes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprovechamiento de la vía ferroviaria para mejorar las comunicaciones</li> <li>- Voluntad de los vecinos de vender sus terrenos o cederlos para que sean aprovechados adecuadamente mediante su agrupación</li> <li>- Posibilidad de colaborar con el CSHG o “A Quinta da Auga” en proyectos para la explotación de productos ecológicos o actividades que aporten valor al territorio</li> <li>- Aprovechar la antigua estación de tren de Casal para actividades comerciales o culturales</li> <li>- Posible petroglifo en Pardiñas (posible situación estratégica)</li> </ul>

## Referencias

- Emma, A., & Luaña, S. (17 de Febrero de 2017). *La Voz de Galicia*. Obtenido de [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/ames/2017/02/17/hallazgo-petroglifo-pone-jaque-depuradora-souto/0003\\_201702S17C1995.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/ames/2017/02/17/hallazgo-petroglifo-pone-jaque-depuradora-souto/0003_201702S17C1995.htm)
- Ferrás Sexto, C. (Xaneiro de 2007). Obtenido de <http://www.ub.edu/geocrit/sn-69-68.htm>
- Instituto Galego de Estadística. (2017). Obtenido de <http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=gl&ruta=opengoogParroquiasGSU.jsp?ano=2016&cod=8050;8051;8052;8053>
- Instituto Galego de Estadística. (2016). Obtenido de <https://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/clasificacions/urbanizacion/MetodoloxiaGU2016Concellos.pdf>
- Instituto Galego de Estadística. (2017). Obtenido de <https://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&c=-1&ruta=nomenclator/nomenbuscar.jsp>
- Instituto Geográfico Nacional. (2018). Obtenido de <http://www.ign.es/iberpix2/visor/>